



Liñas de acción da CTNL

para o período interasamblear 2019-2020

(aprobadas na Asemblea Xeral Ordinaria do 9 de marzo de 2019)

Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1 Defender os intereses xerais das/dos traballadoras/es de normalización lingüística e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos:

- Realización de propostas que busquen **mellorar a situación do traballo en normalización lingüística**, nomeadamente na procura da estabilización dos servizos de normalización lingüística e demais departamentos técnicos existentes, e proposta de creación, mellora e seguimento de axudas para o mantemento e creación de servizos de normalización lingüística nas administracións locais.
- **Apoio á estabilización dos postos de traballo para unha formación en lingua galega de calidade**, coa proposta de creación dun corpo estable de profesorado que planifique, prepare e desenvolva materiais e formación lingüística para diversos ámbitos, sectores e perfís.
- Continuidade da **visibilización do traballo que se desenvolve a prol do galego**, procurando así que o traballo a favor da lingua se vexa socialmente como útil e necesario. Para isto fortalecerase a difusión e información a través do web, redes sociais, vídeos, etc., para visibilizar o traballo de SNL, ENDL, asociacións, empresas, etc., publicando novas, reportaxes, entrevistas, etc. Tentarase difundir especialmente o **labor de planificación lingüística** co fin de que se coñezan mellor as diferentes etapas do traballo técnico de normalización da lingua e se recoñeza a complexidade e a necesidade deste traballo.
- Finalización do **manual de boas prácticas para a convocatoria de prazas de técnico/a de normalización lingüística**, co fin de ofrecer, por unha parte, ás institucións unha guía para as súas convocatorias, e, por outra, ás/-aos candidatas/os un manual que resolva as dúbidas más habituais sobre as convocatorias: prazos, contidos das bases, requisitos, reclamacións, etc.
- Como complemento e continuación do manual anterior, finalización dunha **proposta de temario específico para prazas de técnico/a de normalización lingüística e de exemplos de probas, especialmente das probas prácticas**, adaptado todo á realidade do traballo de normalización da lingua. Buscarase



despois que institucións que teñen capacidade para influír nas entidades que convocan as prazas recoñezan e asuman a proposta.

Con esta proposta búscase máis unificación nos procesos selectivos, evitar convocatorias pouco adaptadas á realidade do traballo de normalización da lingua e facilitar tanto a preparación das probas por parte dos/das candidatos/as coma o traballo dos membros dos tribunais de selección.

- Convocatoria dun seminario para elaborar unha **proposta unificada de probas de lingua galega para o acceso a prazas nas administracións públicas** (prazas diferentes a técnicos/as de normalización lingüística), a partir do traballado no [Curso sobre avaliación de competencias lingüísticas para técnicos/as de normalización lingüística](#). A proposta debería despois presentarse á Secretaría Xeral de Política Lingüística, á Dirección Xeral de Administración Local, á Fegamp..., é dicir, ás institucións que poidan asumila e recomendala como orientación para desenvolver este tipo de probas de capacitación lingüística. Tamén se debe facer chegar ás organizacións sindicais.

2 Promover a formación continua no eido da normalización da lingua:

ORGANIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O TRABALLO EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Cada ano a CTNL organiza directamente algúna actividade formativa sobre diferentes materias na procura de mellorar os coñecementos e capacidades das persoas que traballan en normalización lingüística en diferentes ámbitos. Na maioría destas accións formativas conta coa colaboración do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e co apoio económico da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Debido a unha serie de factores, como poden ser a falta de expectativas laborais, a cada vez maior formación do persoal técnico que está traballando e a non incorporación de novo persoal e tamén as maiores dificultades detectadas para asistir a formación en horario laboral, cómpre reformular algunas cuestións sobre o modelo de formación e facer esta dun xeito máis indirecto a través de materiais de diferente tipo ou de xornadas de formatos diversos, e non tanto a través de cursos nos formatos convencionais.

Deste xeito, propomos en 2019 o desenvolvemento dalgún curso ou obradoiro con algúns dos seguintes contidos:



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal

Obradoiro de comunicación para a normalización lingüística (redes sociais, notas de prensa)

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">• Coñecer e analizar diferentes formatos e medios para comunicar as accións de normalización lingüística• Planificar axeitadamente a comunicación para accións de normalización lingüística.• Coñecer os formatos e aprender a redactar notas de prensa que comuniquen axeitadamente a mensaxe e información que se quere transmitir desde SNL, ENDL, asociacións en defensa da lingua, etc.• Coñecer como, cando, a onde e a quen se deben enviar as notas de prensa sobre lingua na procura de que teñan a repercusión axeitada no ámbito de interese.• Aprender a atopar titulares e frases que fagan que a comunicación chegue de forma máis eficaz• Coñecer as mellores técnicas de comunicación en redes sociais (estratexias, formatos que mellor comunican, etc.) para optimizar a presenza nas redes sociais dos SNL, ENDL e outras entidades que traballan en lingua• Conseguir que o traballo en lingua e as accións a prol do galego teñan maior e mellor repercusión social a través dos medios.
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none">• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.• Membros de equipos de normalización e dinamización lingüística do ensino.• Pessoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.
Duración	Aproximadamente 8 horas presenciais e 4 horas non presenciais de traballo con titorización
Profesorado	Xornalista con coñecementos e experiencia, nomeadamente no ámbito da lingua.

Obradoiro de comunicación de argumentos no ámbito empresarial

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">• Analizar diferentes argumentos para asociar a lingua con intereses e vantaxes no ámbito comercial e empresarial• Coñecer as estratexias de comunicación más valoradas no ámbito empresarial• Elaborar un argumentario que axude a introducir a lingua a canda outras vantaxes de comunicación no ámbito comercial e
-------------------	---



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal

	<p>empresarial</p> <ul style="list-style-type: none">• Desenvolver estratexias de comunicación orientadas ao sector comercial e empresarial
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none">• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL).• Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua.• Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua.
Duración	Aproximadamente 10-12 horas
Profesorado	Persoa con perfil adecuado para desenvolver o obradoiro.

Curso sobre avaliação de competencias lingüísticas para TNL (segunda edición ou segunda parte)

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">• Aprender a deseñar probas de lingua adaptadas ás necesidades de competencia lingüística dos diferentes perfís profesionais das administracións• Aprender a axustar os certificados Celga aos postos de traballo das administracións públicas• Aprender e desenvolver criterios de avaliación eficaces para as probas de lingua nos procesos selectivos
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none">• Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL) das administracións públicas
Duración	Aproximadamente 20 horas
Profesorado	Manuel Núñez Singala

- Colaboración con outras propostas formativas:
 - A Directiva valorará continuar coa colaboración co SNL da Universidade da Coruña para o **Curso de verán sobre dinamización lingüística #traballandoenlingua**. O tema elixido para este ano é o sector turístico e retomarase o enfoque de dinamización lingüística.

DOCUMENTOS FORMATIVOS E INFORMATIVOS

- Publicación do **manual de boas prácticas para a convocatoria de prazas de técnicos/as de normalización lingüística**.
- Publicación dunha proposta de temario para prazas de TNL



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal

- Publicación dunha proposta de probas para acreditar o coñecemento de lingua no acceso a prazas nas administracións públicas
- Procura de continuidade da colección de materiais **Documentos CTNL**, na que se inclúen materiais formativos e de referencia.
- Publicación e difusión a través da rede de materiais formativos de cursos da CTNL.

3 Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e colaboración en accións para o fomento do galego:

ACCIÓNS PARA UNHA MELLOR E MAIOR IMPLICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- **XUNTA DE GALICIA:** seguimento da política lingüística da Xunta de Galicia, procurando que esta volva ao camiño do diálogo e do consenso que abandonou, demandando que procure avances en vez de retrocesos, denunciando os continuos pasos atrás que se dan e os pasos adiante que se deixan de dar e propondo melloras no desenvolvemento de proxectos e accións para o fomento do uso e prestixio da lingua galega.
- **ADMINISTRACIÓN LOCAL:** ante a convocatoria das eleccións municipais, solicitar ás principais forzas políticas que inclúan no seu programa o fomento do uso e do prestixio da lingua mediante a creación e consolidación de SNL, e o fomento do traballo colaborativo entre SNL. Tras a constitución das deputacións provinciais, manter xuntanzas cos responsables da área de normalización lingüística para que promovan a creación e consolidación dunha rede de SNL nas entidades locais da provincia. Por último, seguimento das convocatorias de axudas das deputacións provinciais para a creación de SNL e tamén das convocatorias de prazas en concellos e entidades locais ao abeiro ou non destas axudas.

ENCONTROS, XORNADAS E OUTRAS PROPOSTAS DE COORDINACIÓN

LGx15	
Descripción xeral	Organización dunha xornada de exposición de ideas que teñan que ver co futuro da lingua, na que interveñan persoas que transmitan, dun xeito breve e visual, ideas que poden, e queren, influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos



Ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal

	lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios. Esas intervencións, ideas e propostas serán tamén gravadas e difundidas en vídeo a través da rede, nun formato semellante ao das conferencias TED.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none">• Recoller e difundir ideas coas cales se pode mellorar o futuro do uso e prestixio da lingua.• Realizar e difundir vídeos breves para a transmisión desas ideas.• Procurar influír no futuro do uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos de persoas ou entidades, procurando accións e cambios, a través da transmisión de ideas e mensaxes de persoas.
Destinatarios/as	<ul style="list-style-type: none">• Persoas interesadas no futuro da lingua (na sesión presencial) e, ademais, tamén público máis xeral (coa difusión dos vídeos).
Duración	Unha tarde ou tarde-noite (arredor de 3 ou 4 horas).
Formato	Intervencións individuais cun tempo máximo (15 min.), claras e visuais, sen preguntas, e sen uso de mesa nin atril.
Lugar	Nun auditorio por determinar. Intentar que a quinta edición pase a ser un sábado ou venres.
Persoas que interveñen	Persoas que teñan algo que dicir, ideas que valla a pena compartir e transmitir para influír no futuro da lingua, e que teñan capacidade para comunicar de xeito claro, positivo, apaixonado, visual e breve, coa vontade de intentar mudar cousas. A busca ou selección de persoas e propostas faraa a CTNL.
Notas sobre a xestión	Desde a CTNL nomearse unha comisión encargada da organización, selección de persoas, xestión, etc. Non se pagará polas intervencións. Cobrarase unha entrada para asistir ao evento que axude parcialmente a financiar, en parte, o equipo técnico necesario, as gravacións, a difusión, etc.

- **ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:** colaboración cos XXI Encontros para a normalización lingüística, organizados desde o CDSG do Consello da Cultura Galega (4 e 5 abril de 2019, sobre divulgación científica).



ACCIÓNES DE FOMENTO DO GALEGO

- **Convocatoria da primeira edición dos Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego**

Durante o ano 2018 constituíuse un grupo de traballo para a creación dun premio a accións, programas, proxectos, etc., que se desenvolvan desde SNL, ENDL, asociacións, entidades, empresas, etc., e que teñan como obxectivo a normalización lingüística. Este premio procurará ser un recoñecemento ao traballo ben feito, dar unha imaxe positiva, supor un aval para as accións que se valoren, marcar modelos de accións e difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

Nos últimos meses decidíronse as bases e as categorías dos premios, o nome, a imaxe e o desenvolvemento dun sitio web que sirva de referencia para o premio e que permita inscribir os proxectos de forma cómoda e sinxela. O web inclúe ademais información complementaria relacionada con outros premios e unha intranet específica para os membros do xurado, co fin de que poidan consultar directamente os proxectos presentados.

Logo das probas pertinentes e doutros trámites necesarios, convocarase o premio coa intención de resolvelo antes do verán. Xa que será a primeira edición, será necesaria unha boa difusión e un prazo amplio para presentar os proxectos (un mes ou mesmo máis).

Para o traballo desenvolvido en 2018 solicitouse unha axuda á Deputación Provincial de Pontevedra. En caso de que se convoquen de novo este tipo de axudas, solicitaranse outra vez para completar o financiamento do proxecto.

- **Continuidade e difusión de Agasallo.eu, propostas de regalos en galego**

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu (www.agasallo.eu), para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, etc., para dar a conocer e visibilizar creacións de diverso tipo que usan a lingua galega e para incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.



CTNL

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal

A plataforma tivo moi boa acollida inicial e, aínda que custou a implicación de empresas e entidades para participaren nela, pouco a pouco foi medrando o número de participantes e a cantidade e variedade de propostas que contén. Na actualidade a plataforma contén arredor de 900 propostas que se van actualizando.

Continuarase coa campaña, mantendo actualizado o web e difundindo a través das redes sociais os novos produtos que se vaian publicando.

Algunhas propostas organizativas para 2019-2020

- Mantemento da cota dos/as socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento (a cota convencional é de 25 € ao ano e a de desempregados/as e estudiantes de 15 € ao ano).
- Posta en marcha de grupos de traballo para o desenvolvemento dos diversos proxectos programados.
- Procura de renovación de convenios e novos acordos de colaboración con outras entidades para o desenvolvemento dalgunhas das accións que está previsto desenvolver.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte seguiranse facendo propostas en positivo e procurando que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística (dentro do perfil e ámbito de cada unha das comisións e/ou plataformas). Nestes momentos a CTNL forma parte de:
 - Comisións Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG).
 - Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL)
 - Plataforma Queremos Galego.